

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. 3º TRIMESTRE CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CPI FONTE-DÍAZ (TOURO)
CURSO: 1º, 2º, 3º e 4º E.S.O.
MATERIA: VALORES ÉTICOS
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: 11/05/2020**

ÍNDICE

1. Introducción
2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
3. Avaliación e cualificación.
4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
5. Información e publicidade.

1. INTRODUCCIÓN

Esta adaptación da programación didáctica correspondente ao 3º trimestre do presente curso 2019/20 da materia de Valores Éticos baséase nas directrices publicadas nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Está centrada preferentemente, na obtención dos obxectivos e competencias clave da primeira e segunda avaliación, reforzando e consolidando as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles das mesmas, para garantir a continuidade do proceso educativo ao longo da etapa ou unha vez finalizada a mesma. Así mesmo, establece o procedemento para a cualificación final do alumnado.

Coa modificación ao grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe avaliable, preténdese que o alumnado non se vexa prexudicado polo traballo desenvolvido de maneira non presencial. E, ao mesmo tempo, no caso de ter algunha das avaliacións anteriores (primeira e/ou segunda avaliación) non superadas, poida recuperalas co traballo e as probas que se fagan durante o terceiro trimestre.

2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESINDIBLES

CURSO 1º E.S.O.

UNIDADE 4. A GUSTO CONTIGO MESMO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B1-6 Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade.</p> <p>B1-7 Comprender e apreciar a capacidade do ser humano para influir de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte os valores éticos e así mellorar a súa autoestima.</p>	<p>B1-6.3 Emprega a introspección como medio para recoñecer as propias emocións, os sentimentos e os estados de ánimo, coa finalidade de ter un maior autocontrol deles e ser capaz de automotivarse, converténdose no dono da súa propia conduta.</p> <p>B1-7.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a propia identidade e facer de sí mesmo unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc., nunha palabra, digna de ser apreciada por sí mesma.</p>
<p>B2-1 Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación dialéctica que se establece entre este e a sociedade, estimando a importancia dunha vida social dirixida polos valores éticos.</p> <p>B2-2 Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa.</p>	<p>B2-1.1. Explica por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral.</p> <p>B2-1.2. Discirne e expresa, en pequenos grupos, sobre a influencia mutua que se establece entre o individuo e a sociedade.</p> <p>B2-2.2. Exemplifica a influencia que teñen na configuración da personalidade humana os valores morais inculcados polos axentes sociais, entre eles: a familia, a escola, os amigos e os medios de comunicación masiva, elaborando un esquema e conclusións, utilizando soportes informáticos.</p>
<p>B3-3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.</p> <p>B3-6 Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conduta individual e social.</p>	<p>B3-3.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación, expón as súas conclusións de forma clara, mediante unha presentación realizada con soportes informáticos e audiovisuais.</p>

B6-1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos coa finalidade de orientar a súa actividade conforme aos valores defendidos pola DUDH.	B6-1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana.
---	--

UNIDADE 5. A NOSA INTIMIDADE

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B1-1. Construir un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.</p> <p>B1-7. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influir de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte aos valores éticos e así mellorar a súa autoestima.</p>	<p>B1-1.3. Explica e valora a dignidade da persoa, que como ente autónomo, convértese nun “ser moral”.</p> <p>B1-7.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a súa propia identidade e facer de sí mesma unha persoa xusta, sincera, digna de ser apreciada por sí mesma.</p>
<p>B2-3. Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola Ética e a segunda polo Dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.</p>	<p>B2-3.3. Reflexiona sobre o problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e as posibilidades de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de xeito concreto tales casos e expoñendo as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.</p>
<p>B3-6 Tomar conciencia da importancia dos valores e normas éticas, como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e promovelos polos beneficios que achegan á persoa e á comunidade.</p>	<p>B3-6.1 Destaca algunhas das consecuencias negativas que, a nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e normas éticas, tales como: o egoísmo, a corrupción, o abuso de poder, a mentira, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.</p>

UNIDADE 6. A PROBA FINAL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B1-1. Construir un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.</p> <p>B1-3. Describir en que consiste a personalidade e valorar a importancia de</p>	<p>B1-1.2. Describe as características principais da persoa: substancia independente, racional e libre.</p> <p>B1-3.1. Identifica en que consiste a personalidade, os factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno que inflúen na</p>

<p>enriquecela con valores e virtudes éticas, mediante o esforzo e a vontade persoal.</p> <p>B1-7. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influir de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte aos valores éticos e así mellorar a súa autoestima.</p>	<p>construción e aprecia a capacidade de autodeterminación no ser humano.</p> <p>B1-7.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a súa propia identidade e facer de sí unha persoa xusta, sincera, digna de ser apreciada por sí mesma.</p>
<p>B2-1. Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación dialéctica que se establece entre este e a sociedade, estimando a importancia dunha vida social dirixida polos valores éticos.</p> <p>B2-2. Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa, mediante a análise do papel que desempeñan os axentes sociais.</p> <p>B2-6. Xustificar a importancia que teñen os valores e virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.</p>	<p>B2-1.1. Explica por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral.</p> <p>B2-1.3. Achega razóns que fundamenten a necesidade de establecer uns valores éticos que guíen as relacións interpersoais e utiliza a iniciativa persoal para elaborar, mediante soportes informáticos, unha presentación gráfica das súas conclusións, sobre este tema.</p> <p>B2-2.3. Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional, como medio indispensable para adecuar aos valores éticos universais establecidos na DUDH, os costumes, normas, valores, etc., do seu medio, rexeitando todo o que atente contra a dignidade humana e os seus dereitos fundamentais.</p> <p>B2-6.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais, entre elas: a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc.</p>
<p>B3-5. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.</p> <p>B3-6. Tomar conciencia da importancia dos valores e normas éticas, como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e promovelos polos beneficios que achegan á persoa e á comunidade.</p>	<p>B3-5.1. Explica as diferencias entre os valores éticos e o resto dos valores, e valora a importancia para a persoa dos valores éticos.</p> <p>B3-6.1. Destaca algunhas das consecuencias negativas que, a nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e normas éticas, tales como: o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.</p>

CURSO 2º E.S.O.

UNIDADE 4. MILLONARIOS OU EMPREENDEDORES?

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B1-6. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais.</p> <p>B1-7. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influir de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte aos valores éticos, e así mellorar a súa autoestima.</p>	<p>B1-6.3 Emprega a introspección como medio para recoñecer as propias emocións, os sentimentos e os estados de ánimo, coa finalidade de ter un maior control deles e ser capaz de automotivarse, converténdose no dono da propia conduta.</p> <p>B1.7.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a propia identidade e facer de sí mesmo/a unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc., nunha palabra, digna de ser apreciada por sí mesmo/a.</p>
<p>B2-2. Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa, a través da análise do papel que desempeñan os axentes sociais.</p> <p>B2.3. Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola Ética e a segunda polo Dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.</p> <p>B2.6 Xustificar a importancia dos valores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.</p>	<p>B2-2.1. Describe o proceso de socialización e valora a súa importancia na interiorización individual dos valores e normas morais que rexen a conduta da sociedade na que vive.</p> <p>B2-2.2. Exemplifica a influencia que teñen na configuración da personalidade humana os valores morais inculcados polos axentes sociais: a familia, os amigos, a escola e os medios de comunicación masiva, elaborando un esquema e conclusións, utilizando soportes informáticos.</p> <p>B2.6.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais, entre elas a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc.</p>
<p>B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.</p> <p>B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.</p>	<p>B3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.</p> <p>B3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.</p>
<p>B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións.</p>	<p>B5.6.2. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o</p>

	dereito.
UNIDADE 5. FUNCIONARIOS COMPROMETIDOS?	
B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre. B1.4. Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar "como quere ser" elixindo os valores éticos que desexa incorporar á súa personalidade.	B1.1.3. Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun "ser moral". B1.5.3. Atopa a relación entre algunhas virtudes e valores éticos e o desenvolvemento das capacidades de autocontrol emocional e automotivación, tales como a sinceridade, o respecto, a prudencia, a xustiza e a perseveranza, entre outras.
B2.2. Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa, a través da análise do papel que desempeñan os axentes sociais.	B2.2.2. Exemplifica a influencia que teñen na configuración da personalidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, elaborando un esquema e conclusións, utilizando soportes informáticos.
B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.	B3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional da conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.
B4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo existente entre eles no pensamento de Aristóteles.	B4-1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.
UNIDADE 6. CIENTÍFICOS TOLOS?	
B1.6. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais.	B1.6.2. Relaciona o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, entre outras. B1.6.3. Emprega a introspección como medio para recoñecer as propias emocións, os sentimentos e os estados de ánimo, coa finalidade de ter un maior control deles e ser capaz de automotivarse, converténdose no dono da propia conduta.
B2.2. Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa, a través da análise do papel que desempeñan os	B2-2.2. Exemplifica a influencia que teñen na configuración da personalidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, elaborando un esquema e conclusións,

axentes sociais. B2.5. Utilizar a conduta asertiva e habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e enriquecedora.	utilizando soportes informáticos. B2.5.2. Aмосa, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto cara ao dereito que todos os seres humanos teñen a sentir, pensar e actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc.
B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e a vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.	B3-1.2. Acheга razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional da conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos nos que se fundamenta.

CURSO 3º E.S.O.

UNIDADE 4. QUE É A DEMOCRACIA?

B1-6. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais.	B1-6.2. Relaciona o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, a forza de vontade, a honestidade consigo mesmo, o respecto ás xustiza e a fidelidade aos seus propios principios éticos, entre outras.
B2-5. Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e enriquecedora.	B2-5.2. Aмосa, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto cara ao dereito que todos os seres humanos teñen a sentir, pensar e actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc.
B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.	B3-3.2. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, que nos permite coñecer posibles opcións para elixir, e a vontade, que nos dá a fortaleza suficiente para facer o que temos decidido facer.
B4-1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos contidos na DUDH, como fundamento universal das democracias durante os séculos XX E XXI, destacando as súas características e a súa	B4-1.1. Fundamenta racionalmente e éticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno, polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos sinalados na

relación cos conceptos de “Estado de Dereito” e “ división de poderes”.	DUDH.
UNIDADE 5. NA CIDADE DO FUTURO	
B1-6. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais.	B1-6.2. Relaciona o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como: a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, o respecto á xustiza e a fidelidade aos seus propios principios éticos, entre outras.
B2-1. Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación dialéctica que se establece entre este e a sociedade, estimando a importancia dunha vida social dirixida polos valores éticos.	B2-1.1. Explíca por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral. B2-1.2. Discirne e expresa sobre a influencia mutua que se establece entre o individuo e a sociedade.
B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.	B3-3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.
B4-2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns na vida política do Estado coa finalidade de evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos.	B4-2.1. Asume e explica o deber moral e civil, que teñen os cidadáns, de participar activamente no exercicio da democracia, coa finalidade de que se respecten os valores éticos e cívicos

UNIDADE 6. PORTAFOLIO DE VALORES

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1-3. Describir e que consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecelas con valores e virtudes éticas, mediante o esforzo e a vontade persoal.	B1-3.1. Identifica en que consiste a personalidade e os factores xenéticos, sociais, culturais e ambientais que inflúen na súa construción e aprecia a capacidade de autodeterminación no ser humano.
B2-5. Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis enriquecedora.	B2-5.3. Emprega, en diálogos curtos reais ou inventados, habilidades sociais, como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, entre outros, coa finalidade de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación cos demais.
B3-1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e diferenzas existentes entre elas e estimando a súa importancia da	B3-1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética.

reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de forma racional a conduta do ser humano cara á súa plena realización.	
B4-2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns e das cidadás na vida política do Estado coa finalidade de evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos.	B4-2.1. Asume e explica o deber moral e civil, que teñen os cidadáns e as cidadás, de participar activamente no exercicio da democracia, coa finalidade de que se respecten os valores éticos e cívicos no seo do Estado.
B5-6. Avaliar, utilizando o xuízo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfrenta a aplicación da DUDH.	B5-6.1. Investiga mediante información obtida en distintas fontes, sobre os problemas da aplicación da DUDH, no que se refire ao exercicio de dereitos civís.

4º ESO

UNIDADE 4. A COMUNICACIÓN

B1.1 Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa, como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.	B1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza. B1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.
B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade na que viven.	B2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.
BE.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.	BE.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de gran alcance , capaces de pór en risco os dereitos fundamentais da persoa.
B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na	B4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes.

social.	
B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciabes, tendo presente os problemas e as deficiencias que existen na súa aplicación.	B5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais.
UNIDADE 5. MENORES SOLDADO	
B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa, como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como punto de partida sobre o que debe xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.	B1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza. B1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.
B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade na que viven.	B2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.
B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfronta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.	B3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de gran alcance, capaces de pór en risco os dereitos fundamentais da persoa.
B4.1 Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social.	BE.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e cidadás coñezan e cumpran os seus deberes.
B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciabes, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación.	B5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.
UNIDADE 6. PORTAFOLIO DE VALORES	
B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa, como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH,	B1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto

<p>subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.</p>	<p>que persoa e os atributos inherentes á súa natureza. B1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.</p>
<p>B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.</p>	<p>B2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.</p>
<p>B3.1 Recoñecer que, no mundo actual de grandes e rápidos cambios, a necesidade dunha regulación ética é fundamental, debido á magnitude dos perigos aos que se enfronta o ser humano, resultando necesaria a súa actualización e ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.</p>	<p>B3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar os posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de gran alcance.</p>
<p>B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social.</p>	<p>B4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes.</p>
<p>B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciabes, tendo presente os problemas e deficiencias na súa aplicación.</p>	<p>B5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.</p>

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

CURSOS 1º, 2º, 3º E 4º E.S.O.

<p>Avaliación</p>	<p>Procedementos e instrumentos:</p> <p>Tendo en conta a especial situación que estamos a vivir, coa dificultade que implican as actividades de práctica en grupo ou individual a distancia, en liñas xerais empregaranse en todos os niveis e grupos os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de tarefas de recuperación, reforzo, ampliación e traballos de investigación, según sexa o caso. • Revisión das tarefas realizadas e das tarefas despois de corrixidas. • Observación do traballo semanal, incluíndo a actitude cara á materia, a vontade de traballo e esforzo e a responsabilidade no cumprimento das tarefas.
<p>Cualificación final</p>	<ul style="list-style-type: none"> • No caso dos alumnos coas dúas primeiras avaliacións aprobadas a cualificación final será o resultado da media aritmética da nota das dúas primeiras avaliacións máis o traballo desenvolvido ao longo do terceiro trimestre, que incrementará esta nota de maneira proporcional ata 1 punto como máximo. • No caso dos alumnos con algunha avaliación suspensa a entrega do 50% das tarefas encomendadas recuperará de maneira automática unha avaliación e a entrega do 100% das tarefas recuperará as dúas avaliacións. No caso de ter unha soa avaliación suspensa, a entrega de máis do 50% das tarefas, ademais de recuperar a avaliación pendente, dará lugar a un incremento da nota media de maneira proporcional, ata un 10% do total (1 punto). • Para todos os alumnos e alumnas con puntuacións decimais igual ou por riba do medio punto, o redondeo dará lugar á nota inmedita superior. Por exemplo: No caso de que o alumno acade o 5'5, a cualificación final será 6; No caso de que o alumno acade o

	<p>5´6 a cualificación final será 6 etc.</p> <ul style="list-style-type: none">• Igualmente aqueles alumnos/as con puntuacións decimais inferior ao medio punto, o redondeo dará lugar á nota inmediata inferior. Por exemplo: No caso de que o alumno acade o 5´4, a cualificación final será 5, etc.
Proba extraordinaria de setembro	<p>A convocatoria extraordinaria de setembro, para todos os cursos e niveis, constará dunha única proba escrita sobre os contidos dos dous primeiros trimestres. Esta única proba representará o 100% da nota. A parte de materia que se puidese ter avanzado no terceiro trimestre, non se terá en conta na proba extraordinaria de setembro.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>No actual curso 2019/2020 non hai ningún alumno coa materia de Valores Éticos pendente.</p>

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

CURSOS 1º, 2º,3º E 4º E.S.O.

Actividades	<p>As actividades no terceiro trimestre estarán enfocadas principalmente ao repaso, reforzo e recuperación das anteriores avaliacións, se fora o caso, e tendo en conta a situación particular de cada alumno ou alumna, tanto persoal como de medios dispoñibles. Pragamaranse actividades de recuperación sobre os contidos traballados nas dúas primeiras avaliacións para todos aqueles alumnos/as con algunha avaliación pendente. Para os alumnos que teñan superadas as avaliacións anteriores programaranse actividades de repaso e actividades de ampliación con novos contidos.</p> <p>Nas actividades a realizar pódense combinar traballos individuais ou en equipo, especificamente da materia ou interdisciplinares, etc, coas probas que se estimen procedentes para a valoración do traballo realizado.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>No traballo dos distintos aspectos da asignatura, o alumnado realizará tarefas de aprendizaxe por descubrimento e de consolidación de aprendizaxe. A metodoloxía incluírá lecturas sobre a materia, traballo no libro de texto físico e no libro dixital, exercicios escritos, busca de información, visionado de vídeos, etc.</p> <p>Os alumnos con conectividade accederán ás actividades e aos recursos mediante o libro de texto físico e o libro de texto dixital.</p> <p>No caso de existir alumnos que non dispoñan de conectividade, o profesor enviará os materiais necesarios para que lle cheguen ao seu domicilio por medio da dirección do centro coa colaboración do concello.</p>
Materiais e recursos	1º E.S.O.
	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto “Valores éticos. Saber facer” da editorial Santillana

	<p>e o libro de texto dixital</p> <ul style="list-style-type: none">• Caderno de actividades.
	<p style="text-align: center;">2º E.S.O.</p>
	<ul style="list-style-type: none">• Libro de texto “Valores éticos. Saber facer” da editorial Santillana e o libro de texto dixital• Caderno de actividades
	<p style="text-align: center;">3º E.S.O.</p>
	<p>Libro de texto “Valores éticos. Saber facer” da editorial Santillana e o libro de texto dixital.</p> <p>Caderno de actividades.</p>
	<p style="text-align: center;">4º E.S.O.</p>
	<ul style="list-style-type: none">• Libro de texto “Valores éticos. Saber facer” da editorial Santillana e o libro de texto dixital.• Caderno de actividades.

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

CURSOS 1º, 2º, 3º E 4º E.S.O.

Información ao alumnado e ás familias	<p>A información ao alumnado será mediante correo electrónico. No caso de alumnos sen conectividade a información será por vía telefónica.</p> <p>A información ás familias realizarase mediante correo electrónico ou por teléfono según a necesidade.</p>
Publicidade	<p>Esta modificación da programación será publicada na páxina web do centro.</p>

En Touro, a 11 de maio do 2020

A profesora:

Ana Isabel García Guimarey